

PROGRAMA ALTERNATIVA ACTIVA: APOIO Ó ESTUDO VERÁN 2013



"Unha maneira de facer Europa"



Urbana
Santiago
Norte



FUNDAMENTACIÓN

Dende o eido da educación regulada o remate do curso escolar 2012-2013, achegáronnos as inxerencias por parte dos profesionais da ensinanza en referencia ao abandono das tarefas do estudo no verán, e a necesidade de contar cun apoio para algúns rapaces e rapazas, nalgúns casos por falta de motivación, outros por non contar cos apoios necesarios no fogar, e outros por precisar un apoio específico en algunha das materias etc., xa que tras finalizar o ano académico, non todos os e as estudantes poden pechar os libros ata o novo curso, xa que algúns deles, deben continuar cón estudo durante os meses do verán para recuperar en setembro as asignaturas pendentes e afrontar sen problemas a nova etapa académica.

Así, co obxectivo de evitar o fracaso académico ou o abandono do mesmo, o Equipo de Dinamización Social Urbana Santiago Norte-SS.SS propón a posta en marcha dun programa de reforzo educativo nos meses de xullo e agosto que dea resposta a un bo número de rapaces e rapazas que teñen algunha asignatura pendente e precisan dun apoio específico para conseguir sacalas en setembro.

O programa “**Alternativa Activa: Apoio o estudo no verán 2013**” ofrece por tanto, unha posibilidade a moitas familias con poucos recursos económicos ou tamén unha posibilidade para aquelas familias que non poden levar a cabo unha axeitada conciliación entre o traballo e as vacacións dos nenos e nenas, proporcionando un espazo nas aulas do Centro Sociocultural de A Trisca de apoio ao estudo completamente de balde, durante os meses de xullo e agosto, no que os rapaces e rapazas contarán cun equipo de profesionais que os apoiarán nas técnicas de estudo, a resolución de exercicios, na planificación das tarefas, reforzo de idiomas, traballando con eles ao mesmo tempo aspectos tan básicos para a educación coma son as habilidades sociais, a educación social etc., contando tamén para a realización deste traballo co contorno que nos ofrecen os espazos abertos de Belvís e Bonaval.



“Unha maneira de facer Europa”



DESTINATARIOS

Dirixido a menores de entre 11 a 17 anos residentes na Zona Urbana Santiago Norte do Concello de Santiago de Compostela, que precisen dun apoio ou reforzo educativo específico cara aprobar algunha asignatura no mes de setembro.

OBXECTIVO XERAL

Mellorar e fomentar o rendemento escolar dos e das participantes nas actividades, reforzando o hábito de estudo e valores como a responsabilidade persoal, a constancia, os horarios, o respecto pola diversidade, hábitos de vida saudable....

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Adestrar as capacidades cognitivas dos rapaces e das rapazas que lles permitan realizar aprendizaxes significativas.
- Reforzar as técnicas de estudo e hábitos positivos para o estudo e o traballo escolar.
- Favorecer a conciliación laboral e familiar, ofrecendo un espazo de apoio para os rapaces e rapazas que á vez supón un apoio para as familias.
- Reforzar e a ensinanza no manexo dos recursos do barrio, coma bibliotecas, puntos de encontro xuvenís..que poden resultar do seu interese e poden á vez ser un bo reforzo ao estudo.
- Ofrecer apoio lingüístico a aqueles alumnos e alumnas que, pola súa procedencia,teñan dificultades lingüísticas para adaptase ao ámbito escolar e curricular.



"Unha maneira de facer Europa"



Urbana
Santiago
Norte



LUGAR DE REALIZACIÓN

Aula de usos múltiples do Centro Sociocultural da Trisca.

METODOLOXÍA

A metodoloxía aplicada a este programa é variada dependendo de cada unha das partes do programa.

Primeiramente leváronse a cabo reunións informativas cos directores e coas directoras e cos orientadores e coas orientadoras dos centros educativos da zona Urbana Santiago Norte para que dende o propio centro se realizasen as derivacións ao programa “**Alternativa Activa: apoio ao estudo no verán 2013**”, xa que é o propio centro escolar o que conta con maior información tanto académica coma persoal dos rapaces e rapazas que poderían precisar desta oportunidade de apoio.

Establécese, por tanto, unha vía de derivación mediante a cal os centros informarán ás familias que crean oportuno e posteriormente, aquelas familias que estean interesadas acudirán xunto co Equipo de Dinamización Social Urbana Norte-SS.SS onde se lles informará máis minuciosamente e se realizarán as inscricións, recollida da documentación etc.

Paralelamente existe outra vía de incorporación ao programa que levarase a cabo mediante a valoración previa de derivación por parte dos axentes e profesionais de servizos sociais do Concello de Santiago de Compostela, traballadoras sociais, educadoras, psicólogas...que, igualmente que no caso dos centros, realizarán a derivación ao Equipo de Dinamización Social Urbana Santiago Norte-SS.SS



“Unha maneira de facer Europa”



Urbana
Santiago
Norte



En ámbolos xeitos de derivación establécese unha estrita vía de comunicación e seguimento por parte dos profesionais implicados, favorecendo a implicación de tódolos profesionais así coma a realización de un maior apoio ao menor, fomentando a implicación da familia durante todo o programa.

Entre os participantes inscritos no programa , establécese dous grupos de traballo en función do curso académico dos participantes, para así prestar unha mellor atención as súas necesidades, fomentando o traballo en grupo para a resolución dalgunhas actividades plantexadas.

O primeiro grupo o forman rapaces e rapazas de 6º de EPO e de 1º e 2º da ESO, que acudirán os luns e os mércores en horario de 10h a 13:30h.

O segundo grupo o forman rapaces e rapazas de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de BACH, que acudirán os martes e xoves en horario de 10h a 13:30h.

O curso comeza cunha xornada de presentación por parte do equipo profesional e por parte dos rapaces e rapazas.

Nesta primeira xornada realizarase unha planificación individual do traballo a realizar durante a duración do programa, así con cada rapaz e rapaza fíxanse os obxectivos concretos, a preparación que require e a planificación temporal do traballo, o alumno presenta todo o material e indicacións que lle deran dende o seu centro de estudos, así coma traballos para entregar, cadernos, temática para os exames etc.

O horario adicado a cada materia establecerase en función das necesidades dos participantes, aproveitando as asignaturas comúns a traballar para realizar explicacións e tarefas conxuntas, fomentando o traballo en grupo.



"Unha maneira de facer Europa"



Urbana
Santiago
Norte



Realizarase un descanso de media hora, e posteriormente a hora restante será para realizar tarefas a nivel individual, traballos para entregar no centro, estudo individualizado dalgunha asignatura etc, sempre co apoio de todo o equipo de profesionais.

Paralelamente ao traballo dentro da aula cós rapaces e rapazas, tamén establécese un proceso de seguimento coas familias, buscando a súa implicación no proceso educativo dos rapaces e rapazas, así coma a prevención de situacións de risco que se poidan dar nalgúns casos, coma a prevención fronte o abandono escolar, prevención de hábitos de vida non saudables etc.

RECURSOS HUMANOS

Equipo de Dinamización Social Urbana Santiago Norte.



"Unha maneira de facer Europa"



Urbana
Santiago
Norte

